

# "O obxectivo deste decreto do galego é que desapareza a nosa lingua"

É a primeira persoa de Bueu en gañar o certame que leva o nome do antigo alcalde da vila



**Lucía Novas, nada en 1979, é natural de Bueu. No seu haber ten varios premios, como o Concello de Carral e que lle permitiu publicar en 2001 "Epiderme de estío". Tamén gañou o Minerva en dúas ocasións ou o Faustino Rey Romero.**

**DAVID GARCÍA - BUEU** Lucía Novas Garrido é a nova gañadora do premio Johán Carballeira de poesía, un galardón que por vez primeira recae nunha persoa da vila. Participou cun poemario titulado "Neve", do que o xurado destacou a súa capacidade para crear unha "obra orixinal" e súa riqueza léxica.

**-Supón algo especial ser a primeira persoa de Bueu que gaña un dos premios Johán Carballeira?**

-Quzais fime un pouco máis de ilusión que si o gañase noutra vila, pero o que realmente fai importante este premio é a posibilidade de publicar o libro. Tamén valoro moito a simboloxía e á persoa a quen está adicado: Admiro a figura de Johán Carballeira porque complicou a súa vida por conseguir un mundo un pouco mellor e acabou dando a súa vida por iso.

**-Agardaba ser premiada?**

-Non. Nunca agardo ningún premio de antemán. Sempre pensas que o teu traballo non vai ser premiado e tamén sei que para un xurado é moi complicado elixir entre varias obras.

**-Precisamente o xurado fala no seu fallo dunha "obra orixinal a partir de técnicas compositivas clásicas" e dunha gran "riqueza léxica na configuración dunha nova perspectiva da poesía paisaxística". Como recibe estes halagadores argumentos?**

-Todo o que se diga sobre a miña obra paréceme palabras demasiado grandes. Pero ó mesmo tempo tamén che fai ilusión que outras persoas aprecien iso no teu traballo.

**-O título do poemario é "Neve". Hai algún nexo común entre os poemas que forman parte del?**

-É un libro que fala sobre o inverno, no que se concibe como unha estación de repouso e na que o tempo paralizase. Serve para restaurar feridas dunha dor, porque o libro fala dunha dor, a través de elementos propios do inverno: a neve, cuartos cálidos, bálsamos...

**-Á hora de escribir traslada as súas propias experiencias persoais?**

-Hai uns versos de Fernando Pessoa que din que "o poeta é un finxidor" e eu creo totalmente niso. A voz poética e a persoa son distintas, non se poden confundir. Pero os versos de Pessoa continúan dicindo que o poeta "chega a fingir que é dor a dor que de veras sente". Quere dicir que todas as experiencias persoais que vivimos nos van servir logo para escribir. Non é que se catquen os nosos sentimentos, pero si que unha parte de nós está reflectida.

**-Como afronta o proceso da escrita?**

-O certo é que nos últimos anos tiven que deixala un pouco de lado por circunstancias académicas e laborais. Eu necesito tranquilidade, pero tampouco concibo a escrita só como a acción manual. A creación tamén implica que vai madurando en tí unha idea ou un imaxinario e logo chega un momento que necesitas plasmalo nun papel. Non se trata de volcarte nun papel en branco, senón que xa había algo no teu interior que fora madurecendo antes.

**-Cal é a súa opinión sobre o panorama actual da poesía galega?**

-Hai unha gran calidade e diversidade de voces, algo moi importante se temos en conta que é unha literatura escrita nunha lingua minorizada. Que sexamos unha nación de case tres millóns de habitantes, que haxa unha calidade poética tan alta e con tantos autores paréceme un feito a destacar no conxunto da Península Ibérica.

**-Vostede é profesora de Lingua e Literatura Galega. Qué lle parece a política lingüística da Xunta de Galicia e o decreto do galego?**

-Paréceme un decreto increíble e que non ten pés nin cabeza. O seu único obxectivo é que desapareza a nosa lingua, que é un tesouro

cultural que foron construíndo os nosos antepasados durante séculos. Deberíamos sentirnos orgullosos dese legado, pero parece que se quere destruír. Non entendo como alguén pode querer destruír unha cultura, sobre todo cando é a nosa. Cada lingua é unha perspectiva diferente do mundo e perder unha desas linguas é algo nocivo para o mundo. E non lle atopo sentido empregar a introducción do inglés para erradicar o galego do ensino. Este goberno non está fomentando a aprendizaxe do inglés: quitáronse moitas prazas no profesorado público, entre elas de inglés, e están desmantelando as escolas oficiais de idiomas.

**-Por certo, os seus alumnos saben que gañou vostede un premio?**

-Si e fíxolles moita ilusión. Atoparon a noticia no xornal, recortárona e logo puxérona no taboleiro. Estaban orgullosos porque a "profe" gañara un premio, o cal tamén me fai ilusión. Agora pídenme que lles lea algún poema.

[COMPARTIR](#)